

«Encontros no rural. Diálogo de saberes»

Museos, sostibilidade
e benestar

NO MUSEO PAZO DE TOR

Lugar: Museo Pazo de Tor
Xoves, 16 de marzo de 2023, a partir das 17:00h.
Entrada libre até completar aforo.

O xoves, 16 de marzo de 2023, a partir das 17:00h desenvolverase no Museo Pazo de Tor, concello de Monforte de Lemos, unha intensa xornada coa programación de numerosas actividades enmarcadas no proxecto que se ven desenvolvendo nos museos da Rede ao longo do ano 2023 como 'I Foro expandido de Museoloxía Social da Rede Museística Provincial de Lugo'.

Esta actividade, como todas as deste proxecto, promoven os valores que resume o ICOM no lema escollido para celebrar o Día Internacional dos Museos 2023: "Museos, Sostibilidade e Benestar". A Rede Museística Provincial de Lugo continúa así dando forma a proxectos integradores que dean visibilidade ás mulleres e ao medio rural no que desenvolven as súas actividades.



-Presentación das publicacións:

Mulleres rurais (Volume I): Camiños Expandidos
Mulleres rurais (Volume II): O camiño ata Soterradas
(Homenaxe a Angelita Rivada González).

-Presenza das artistas Maria Gar e mulleres da Ribeira Sacra que participaron nos obradoiros 'Recolectoras Memoria e Terra' e 'Proximidade Llunyana'.

-Terras habitadas Sostibilidade e Benestar Social Mulleres no Rural.
Parladoiros de Esther Teijeiro e Carlota Pérez.

-Recital poético de Ana Vila.

-Función de danza inclusiva.

-Concerto de Jansky. Dúo mallorquín de música electrónica formado por Laia Malo e Jaume Reus que interpreta temas mestura de arte e ciencia e que reivindicam a ecoloxía e os sons da Natureza como patrimonio sonoro.

-Chocolatada

Lugar: Museo Pazo de Tor
Xoves, 16 de marzo de 2023,
a partir das 17:00 horas.
Entrada libre até completar aforo.

